

CB ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA

Grao: Básico

Duración: 2000 horas (Dous cursos)

Qué título se obtén?: Título profesional básico en Electricidade e electrónica.

Que se aprende a facer?

Realizar operacións auxiliares na montaxe e no mantemento de elementos e equipamentos eléctricos e electrónicos, así como en instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións para edificios e conxuntos de edificios, aplicando as técnicas requiridas, operando coa calidade indicada, cumprindo as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, correspondentes e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

En que ámbitos se traballa?

Actividades por conta allea en empresas de montaxe e mantemento de instalacións electrotécnicas de edificios, vivendas, oficinas, locais comerciais e industriais, con supervisión de nivel superior e baixo a regulación do Regulamento Electrotécnico de baixa Tensión e da Normativa das Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións.

Ocupacións e postos de traballo máis relevantes

Operario/a de instalacións eléctricas de baixa tensión; axudante de montador/ora de antenas receptoras de televisión e satélites; axudante de instalador/ora e reparador/ora de equipamentos telefónicos e telegráficos; axudante de instalador/ora de equipamentos e sistemas de comunicación; axudante de instalador/ora reparador/ora de instalacións telefónicas; peón da industria de produción e distribución de enerxía eléctrica; axudante de montador/ora de sistemas microinformáticos; operador/ora de ensamblaxe de equipamentos eléctricos e electrónicos; auxiliar de mantemento de equipamentos eléctricos e electrónicos; probador/ora axustador/ora de placas e equipamentos eléctricos e electrónicos; montador/ora de compoñentes en placas de circuíto impreso.

Acceso a outros estudos: Ciclos Formativos de Grao Medio

Criteria de preferencia para a admisión a ciclos formativos de Grao Medio.

Este título outorga preferencia para a admisión, en caso de concorrencia competitiva, a todos os títulos de grao medio das familias profesionais de:

- Edificación e obra civil
- Electricidade e electrónica
- Enerxía e auga
- Fabricación mecánica
- Industrias extractivas
- Informática e comunicacións
- Instalación e mantemento
- Madeira, moble e cortiza
- Marítimo-pesqueira
- Química
- Transporte e mantemento de vehículos

A persoa que posúa un título profesional básico **poderá obter o título de graduado na ESO**, pola opción de ensinanzas académicas ou pola opción de ensinanzas aplicadas, mediante a superación da proba de avaliación final da educación secundaria obrigatoria.

Os alumnos e alumnas que finalicen os seus estudos sen obter o título profesional básico, recibirán a certificación académica dos módulos profesionais superados que terá efectos académicos e de acreditación parcial acumulable das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

O título profesional básico ten os mesmos efectos laborais que o título da ESO e capacita para levar a cabo funcións de nivel básico de prevención de riscos laborais.

Normativa:

*[Orden ECD/1030/2014, de 11 de xuño, pola que se establecen as condicións de implantación da Formación Profesional Básica e o currículo de catorce ciclos formativos destas ensinanzas no ámbito de xestión do MECD](#) (BOE 18/06/2014)

* [DECRETO 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo en Galicia e se establecen vinte e un currículos de títulos profesionais básicos](#). (DOG 15/09/2014).

MÓDULOS	HORAS
Primeiro curso	
Ciencias aplicadas I	175
Comunicación e sociedade I	206
Equipamentos eléctricos e electrónicos	233
Instalacións eléctricas e domóticas	296
Segundo curso	
Ciencias aplicadas II	162
Comunicación e sociedade II	135
Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos	206
Instalacións de telecomunicacións	205
Formación en centros de traballo	320
Total	2000

*Os módulos en negra están asociados a alguna unidade de competencia.

Requisitos de acceso á FP Básica:

- Ser proposto/a polo equipo docente
- Consentimento do pai, da nai ou dos/das titores/as legais
- Facer 15 ou 16 anos, no ano de inicio do ciclo formativo
- Ter cursado 3º de ESO ou, excepcionalmente, ter cursado 2º de ESO.

A proposta do equipo docente, tamén poderá solicitar a admisión na FP Básica o alumnado de 17 anos, feitos no ano de inicio do ciclo formativo, escolarizado na ESO.

De quedar prazas vacantes, completaranse os grupos con persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Que fagan 18, 19 ou 20 anos, no ano de inicio do ciclo formativo
- Que non estean en posesión dun título de formación profesional ou calquera outro título que acredite a finalización de estudos secundarios completos